

Resolución do 21 de xaneiro de 2021, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais de persoas con discapacidade en relación co réxime de permisos, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19).

Segundo o establecido no punto sexto, na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 no que se adoptan medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase 111 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas. Igualmente poden adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Por outra banda, as residencias de persoas con discapacidade foron especialmente castigadas pola pandemia e isto motivou restricións continuas de contactos sociais que supuxeron a diminución ou anulación de visitas de familiares e amigos e de saídas ao exterior das persoas residentes.

En calquera caso, estes centros seguen considerándose lugares nos que se deben manter máximas medidas de prevención, debido á elevada afectación do coronavirus entre a poboación máis fráxil, polo que en calquera momento se poden determinar medidas adicionais de control e prevención para protexer ás persoas residentes.

O artigo 34.12 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, contempla entre as intervencións públicas que poderán exercer as autoridades sanitarias competentes sobre as actividades públicas e privadas que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde, a posibilidade de adoptar as medidas preventivas que se consideren pertinentes en caso de que exista un risco inminente e extraordinario para a saúde.

Debe terse en conta, así mesmo, que o Consello da Xunta de Galicia no seu Acordo de 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia da coonavirus COVID-19.

No seu apartado cuarto, o Acordo do Consello da Xunta establece: *"Para o desenvolvemento do Plan poderán ditarse ordes e instrucións que afecten a dereitos da cidadanía nos termos establecidos polas leis, así como adoptar medidas de obrigado cumprimento para os seus destinatarios e destinatarias, conforme ao que se dispoña se así o aconsellan as necesidades da emerxencia e dos bens a protexer."*

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para a aplicación do acordo e poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas contidas no anexo.

Logo do acordo do Consello Interterritorial de Saúde adoptado o día 14 de agosto de 2020, foron declaradas polo Ministerio de Sanidade, o mesmo día, como actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, unha serie de medidas e recomendacións dirixidas ao control da transmisión nos eidos que actualmente son a orixe dos abrochos epidémicos de maior impacto e risco e para controlar a transmisión comunitaria.

Por este motivo, no Diario Oficial de Galicia publicouse a Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Esta orde engade un número 4.6 no anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, coa seguinte redacción:

«4.6. Medidas adicionais en centros sociosanitarios. A consellería competente en materia de política social, de maneira coordinada coa consellería competente en materia de sanidade, determinará as medidas específicas que deberán adoptarse nos centros sociosanitarios respecto da realización de probas PCR, réxime de visitas e de saídas, tendo en conta o indicado ao respecto na declaración de actuacións coordinadas en saúde pública para responder á situación de especial risco derivada do incremento de casos positivos por COVID-19 do 14 de agosto de 2020».

Neste contexto, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social acordaron un protocolo para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS-COVID-2 (COVID 19) nas residencias de persoas con discapacidade.

Neste protocolo en canto ao réxime de saídas establécese:

“Limitaranse ao máximo as saídas das persoas residentes fóra do recinto do centro residencial.

Esta limitación aplícase tanto ás saídas para realizar actividades da vida diaria ou de ocio como as saídas ao domicilio familiar ou por vacacións. Non obstante, adaptárase á situación epidemiolóxica das zonas e tendo en conta o Plan de reactivación no ámbito sociosanitario en relación coa infección ocasionada polo virus SARS-CoV-2.”

Como expresa a exposición de motivos do Decreto 5/2021, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2:

"(...) De acordo co Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, do 19 de xaneiro de 2021, as taxas de incidencia a 3, 7 e 14 días na Comunidade Autónoma de Galicia presentan valores moi superiores aos reflectidos no anterior informe, 134,4, 290,9 e 471,9 casos por cen mil habitantes, respectivamente.

Por áreas sanitarias, as taxas a 14 días acadan valores superiores aos 250 casos por 100.000 habitantes en todas elas, superando incluso os 500 casos por 100.000 habitantes nas áreas sanitarias da Coruña, Santiago, Ferrol e Ourense. No grupo de idade de máis de 64 anos, tamén se superan os 250 casos por 100.000 habitantes en todas as áreas sanitarias.

Por outra banda, o número reprodutivo instantáneo (R_t), que indica o número de casos secundarios que ocorren por cada caso activo, parece que comeza a inverter a tendencia ascendente que viña presentando ata o de agora. Non obstante, continúa mostrando valores superiores ao limiar situado no 1 en todas as áreas sanitarias e no global de Galicia, o que indica que segue a haber transmisión.

En canto á porcentaxe de positividade do total das probas PCR realizadas en Galicia, obsérvanse valores superiores ao 7 % nos últimos 17 días e no momento de realizar este informe están no 11,4 %.

En Galicia temos na actualidade gromos identificados que están en vixilancia epidemiolóxica e baixo medidas restritivas, pero a situación actual caracterízase pola presenza de casos en practicamente case todos os concellos. Así, do total de concellos ($N=313$), nos últimos 14 días houbo casos de COVID-19 en todos eles agás en 34.

En relación coas hospitalizacións, nos últimos 28 días (desde o día 21 de decembro de 2020 ao 17 de xaneiro de 2021) superáronse os 20 ingresos diarios, rexistráronse máis de 35 ingresos en 20 deses días e chegaron a superar os 80 ingresos en tres deles. Así mesmo, cómpre ter en conta a maior porcentaxe de persoas de idade entre os hospitalizados e que, na actualidade, todas as áreas sanitarias teñen casos ingresados nas UCI."

Tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica no territorio da nosa Comunidade Autónoma, e co obxecto de contribuír á protección do colectivo de persoas con discapacidade en centros residenciais,

ACORDAN:

Primeiro: Mentres se mantén a actual situación epidemiolóxica, todos os centros de servizos sociais de carácter residencial de persoas con discapacidade da Comunidade autónoma de Galicia, xa sexan de titularidade pública ou privada, limitarán as saídas das persoas usuarias ás estritamente necesarias, tales como consultas médicas ou calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada, acompañados polo persoal do centro ou polo familiar de referencia, levando máscara cirúrxica e respectando a distancia de seguridade.

Segundo: As medidas dispostas nesta resolución terán carácter temporal e manteranse mentres non mellore a situación epidemiolóxica e así sexa constatado por unha nova resolución conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social ditada a estes efectos.

Terceiro. Desta resolución darase traslado urgente aos centros destinatarios dela para o seu cumprimento.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2021

O conselleiro de Sanidade



Julio García Comesaña

A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez